

ADMINISTRACIÓN LOCAL MUNICIPAL CORCUBIÓN

Asignación das dedicacións exclusivas parciais aprobadas en sesión plenaria extraordinaria do 2 de xullo

En cumprimento do establecido no artigo 75.5 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local faise público que o Pleno do Concello de Corcubión, en sesión extraordinaria celebrada o 2 de xullo, adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

PRIMEIRO.–Establecer a favor dos membros da Corporación que desempeñen as súas funcións en réxime de dedicación parcial, as retribucións que a continuación se relacionan, que se percibirán en catorce pagas, doce correspondentes ás diferentes mensualidades do ano e as dúas restantes correspondentes ás mensualidades de xuño e decembro, e darlles de alta no réxime xeral da Seguridade Social. Ditas retribucións actualizáranse anualmente na porcentaxe que se estableza para os funcionarios na Lei de orzamentos xerais do Estado.

CARGO	HORAS DE DEDICACIÓN	RETRIBUCIÓN ANUAIS BRUTAS.
Alcalde	120 horas mensuais	24.679,34 €
Concelleiro/a delegado de servizos sociais, educación, benestar, familia, muller e igualdade	80 horas mensuais	7.950,60 €

A percepción destas retribucións será incompatible co exercicio de todo tipo de actividades retributivas e coa de calquera outra retribución con cargo aos orzamentos das Administracións Públicas e dos Entes, Organismos e Empresas delas dependentes, sen prexuízo das dietas e indemnizacións que lles poda corresponder pola súa asistencia aos Consellos de Administración ou órganos de goberno de entidades ou empresas públicas ou privadas. Tamén será incompatible coas indemnizacións que se establezan no apartado terceiro.

SEGUNDO.–Establecer cos mesmos efectos a favor dos membros da Corporación o seguinte réxime de asistencias ós órganos colexiados:

a) Por asistencia ás sesións do Pleno: 30 €/sesión.

Por asistencia ás sesións das Comisións Informativas: 20 €/sesión.

Corcubión, 3 de xullo do 2019.

O alcalde

Manuel Insua Insua

2019/5510



ADMINISTRACIÓN LOCAL MUNICIPAL CORCUBIÓN

Modificación do réxime de dedicacións establecido para o mandato 2019-2023

ANUNCIO

En cumprimento do establecido no artigo 75.5 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local faise público que o Pleno do Concello de Corcubión, en sesión ordinaria celebrada o 22 de xaneiro do 2021, adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

PRIMEIRO.–Modificar o acordo plenario de data 2/07/19 e establecer a favor dos membros da Corporación que desempeñen as súas funcións en réxime de dedicación exclusiva, as retribucións que a continuación se relacionan, que se percibirán en catorce pagas, doce correspondentes ás diferentes mensualidades do ano e as dúas restantes correspondentes ás mensualidades de xuño e decembro, e darlles de alta no réxime xeral da Seguridade Social. Ditas retribucións actualizaranse anualmente na porcentaxe que se estableza para os funcionarios na Lei de Orzamentos xerais do Estado.

CARGO	RETRIBUCIÓN ANUAIS BRUTAS.
Alcalde	25.399,50 €

A percepción destas retribucións será incompatible co exercicio de todo tipo de actividades retributivas e coa de calquera outra retribución con cargo aos orzamentos das Administracións Públicas e dos Entes, Organismos e Empresas delas dependentes, sen prexuízo das dietas e indemnizacións que lles poda corresponder pola súa asistencia aos Consellos de Administración ou órganos de goberno de entidades ou empresas públicas ou privadas. Tamén será incompatible coas indemnizacións que se establezan no apartado terceiro.

Corcubión, 1 de febreiro do 2021.

O alcalde

Manuel Insua Insua

2021/787